

# POLÍTICA DE CALIDADE E MEDIOAMBIENTE



SEGURIDADE A1

## POLÍTICA DE CALIDADE E MEDIOAMBIENTE

A Dirección do Grupo de Empresas SEGURIDADE A1, formado por Sistemas de Seguridade A1, S.L e Xestión e Control Noroeste, S.L. é consciente da importancia de priorizar os conceptos de Calidade e Medio Ambiente para garantir a súa competitividade e crecemento dentro do mercado da seguridade.

Neste sentido, e dada a tendencia actual do sector e o noso afán por dar o mellor servizo ós nosos clientes, velar polo coidado do medio ambiente e pola motivación do persoal que forma parte da organización, SEGURIDADE A1 aposta pola integración dos Sistemas de Xestión da Calidade e Medioambiental definindo a estratexia empresarial dentro do marco da Xestión integrada, para as actividades que forman parte do alcance de dito sistema: Deseño, instalación e mantemento de sistemas de seguridade, contra incendios, CCTV e videovixilancia; deseño de plans de emerxencia, evacuación e seguridade; mantemento de extintores portátiles de incendio e Servizo de Central Receptora de Alarmas.

Para isto, a organización mantén os seu compromiso de despregar a súa Política de Calidade e Medioambiente a través de toda a organización, para o cal establece os seguintes principios e compromisos:

- Levar a cabo un proceso de mellora continua en tódolos ámbitos a través do establecemento de obxectivos e metas.
- Apostar pola mellora e innovación tecnolóxica, situándonos como unha empresa pioneira dentro do mercado da seguridade integral.
- Innovar constantemente na busca de solucións que nos permitan ofrecerlle á nosa clientela os sistemas máis seguros e fiables, fomentando unha comunicación fluída e acadando a confianza de quen pon nas nosas mans a súa seguridade.
- Dar cumprimento aos requisitos establecidos polos nosos clientes e asumir o compromiso de cumprir os requisitos legais aplicables ao noso sector, así como outros que a organización subscriba co fin de mellorar os servizos prestados, informando aos nosos clientes sobre os mesmos.

## POLÍTICA DE CALIDADE E MEDIOAMBIENTE

- Implicar, motivar e comprometer a todo o persoal para que se involucre na empresa, así como fomentar a súa formación, motivación, comunicación e respecto polo medio ambiente.
- Desenvolver as actividades formativas e de concienciación precisas para que todos os empregados coñezan, participen e apliquen o Sistema Integrado nas súas tarefas.
- Establecer como un dos nosos obxectivos principais a protección do medioambiente e a prevención da contaminación, empregando de modo racional os recursos materiais, fomentando o aforro enerxético e a redución da produción de residuos.
- Colaborar, cando sexa requirido polas diferentes administracións, entidades públicas e privadas, ou organizacións non gobernamentais, na busca de solucións aos retos do noso sector así como aos problemas medioambientais plantexados polo exercicio da nosa actividade, fomentando a colaboración con empresas do noso sector.
- Ser socialmente responsables apoiando o desenvolvemento do persoal, a conciliación da vida familiar e laboral, así como colaborando no posible con actividades deportivas, culturais e artísticas do noso entorno.
- Informar a tódolos membros da organización, provedores, colaboradores e sociedade en xeral para que comprendan e participen da nosa Política.

A Dirección do Grupo de Empresas SEGURIDADE A1, comprométese a respaldar esta política, que estará a disposición de todo o persoal, clientes, provedores, e do público en xeral.

Asdo. Manuel Rial Amado

Director Xeral do Grupo de Empresas SEGURIDADE A1

En Santiago de Compostela, a 04 de Xaneiro de 2019